



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Mediante o acordo de PLENO, na súa sesión ordinaria realizada con data vinteito de novembro de dous mil doce foi adoptado, entre outros, o seguinte acordo:

5.- PETICIÓN DE COMPATIBILIDADES.

Dada conta do expediente tramitado para o receñemento de compatibilidades; concedida a palabra ao Sr. Secretario expón : Deuse conta e foi dictaminada na Comisión Informativa de vinteito do once, a seguinte proposta de alcaldía:

Vista a petición de D^a Y. P. C. e D^o. J. L. P. F. para o desempeño de actividades privadas.

Visto o informe emitido pola Secretaría de data 14.11.2012.

Vistos os preceptos de aplicación, en especial:

- o artigo 145 do RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.
- a Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- o Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes.
- os artigos 16, 95.2.n) e a disposición final terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregadopúblico.
- o artigo 50.9 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- os artigos 22.2.q e 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Conforme o exposto anteriormente, e á vista da solicitude formulada por D^a Y. P. C. e D^o J. L. P. F., de acordo co establecido nos artigos 14.2 da Lei 52/1984, do 26 de decembro, e 50.9 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e con base no artigo 175 do ROF, á vista da solicitude de recoñemento de compatibilidade, considérase que se cumpren os requisitos para acordar a dita compatibilidade,

PROPOÑO

Recoñecer a dita compatibilidade para desempeñar actividades privadas, inscribíndoas no correspondente rexistro de persoal e notificado aos interesados, coas seguintes condicións:

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C./F.: P-1502200-G

- a) Non poderán desempeñar actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, nos asuntos e que estea a intervir, enterviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.
- b) Non poderán pertencer a consellos de administración en entidades privadas, sempre que a súa actividade estea directamente relacionada coas que xestione a entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.
- c) Non pederán desempeñar cargos en empresas concesionarias ou contratistas de obras, servizos ou subministracións.
- d) Non poderán ter unha participación superior ao 10 % no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.
- e) A actividade privada deberá ser inferior en horario á metade da xomada semanal ordinaria de traballo na Corporación.
- f) Dº. J. L. P. F. non poderá exercer-la actividade profesional de Aparellador-Arquitecto Técnico no termo Municipal de Cedeira.